

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE SETEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e un de setembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde de 16 de setembro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica a Orde de 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 179-Bis, do 16 de setembro de 2021).

- Orde do 6 de setembro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS623C). (Diario Oficial de Galicia número 180, do 17 de setembro de 2021).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 10 ao 16 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1553/2021 e remata coa resolución da alcaldía número 1597/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1553/2021	10-09-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de setembro de 2021
1554/2021	10-09-2021	Solicitude de número a instancia de JMCF
1555/2021	10-09-2021	Amortización parcial do préstamo núm. 0182 6244 0895 60244201 concertado con o BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.
1556/2021	10-09-2021	Corrección de erros da licenza de división da finca de 1.627 m ² sita en O Souto - Sigrás unha parcela de 23 m ² co fin de cedela ao Concello para a regularización do varío público.
1557/2021	10-09-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1558/2021	10-09-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JJLF
1559/2021	10-09-2021	Admisión de solicitudes de alta e de baixa para participar no Programa Mañanceiro curso escolar 2021-2022, entre o 27 de agosto e o 8 de setembro de 2021 e outras.
1560/2021	10-09-2021	Solicitude de número a instancia de JSV
1561/2021	10-09-2021	Reposición legalidade urbanística pola cubrición da terraza no patio de luces da planta primeira da vivenda sita en Otero Pedraio, O Temple. Propiedade: FJLP e MCSN
1562/2021	10-09-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación, por superar a cantidade máxima anual percibida que establece a ordenanza reguladora. Solicitante: MMIS
1563/2021	10-09-2021	Expediente de orde de execución por estado da edificación sita en San Bartolomeu, Pravio. Propiedade: Fundación RdeSR
1564/2021	10-09-2021	Reposición legalidade urbanística por realización de obras en peche de finca sita en Lugar de Espírito Santo, Cecebre sen comunicación previa ou licenza concedida. Propietarios: JNL e MDLG
1565/2021	10-09-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción dun peche con base de morteiro de cemento ou formigón para soporte de postes metálicos con malla tipo hércules de cor verde e cunha altura sobre os 2 m, sen axustarse a comunicación previa de obras presentada a través do expediente 2020/U026/00000328. Propiedade: JNL
1566/2021	10-09-2021	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez do día 20 ao 22 de setembro de 2021 e o día 7 de outubro de 2021
1567/2021	10-09-2021	CM Proxecto Vivencias Cambre
1568/2021	11-09-2021	Programa actividades socioculturais proximidade 21/22
1569/2021	13-09-2021	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao segundo trimestre de 2021
1570/2021	13-09-2021	Reposición legalidade urbanística por colocación e queixas polo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		nivel sonoro de bomba de calor en rúa Castellana, Cambre. Propiedade: FJLS
1571/2021	13-09-2021	Reposición legalidade urbanística pola apertura dun oco (ventá) na fachada traseira da vivenda sita en Pena, Sigrás. Propiedade: HMF
1572/2021	13-09-2021	Lista provisional admitidos/excluídos concurso-oposición para a selección dun traballador social interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de traballadores sociais interinos
1573/2021	13-09-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras (oco porta) sen titulo habilitante, no lugar de Pena, Sigrás. Propiedade: LTR
1574/2021	13-09-2021	Concesión anticipo reintegrable de 3.000 euros a don MJVS, funcionaria de carreira
1575/2021	14-09-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 17.09.2021
1576/2021	14-09-2021	Número policía no Drozo, Cambre. Solicitante: JRPE
1577/2021	14-09-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 72.100,85 €
1578/2021	15-09-2021	Subministración de dúas grúas de transferencia de enfermos para a aula/obradoiro Sociosanitario do Centro Municipal de Formación
1579/2021	15-09-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MNMR
1580/2021	15-09-2021	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de maio de 2021, por importe de 10.294,87 euros
1581/2021	15-09-2021	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xuño de 2021, por importe de 10.200,14 euros
1582/2021	15-09-2021	Aprobar as facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 17.373,39 euros
1583/2021	15-09-2021	Aprobar a da liquidación do IRPF de persoal do mes de agosto e o seu pagamento.
1584/2021	15-09-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MRG
1585/2021	15-09-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JMSL
1586/2021	15-09-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: DRG
1587/2021	16-09-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 82.185,20 euros
1588/2021	16-09-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1589/2021	16-09-2021	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 60, letra C, co fin de inhumar o cadáver de dona PPA
1590/2021	16-09-2021	Autorización apertura urna central sinalada ao número 28 letra A co fin de inhumar o cadáver de dona MCMP o día 6 de setembro de 2021.
1591/2021	16-09-2021	Concesión administrativa e apertura da urna perimetral sinalada ao número 171, letra D
1592/2021	16-09-2021	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 63, letra D, no Cemiterio Municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona DLS
1593/2021	16-09-2021	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 109, letra



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		C, co fin de inhumar o cadáver de dona DVR o día 21/08/2021
1594/2021	16-09-2021	Recurso potestativo de reposición respecto das bases do procedemento da praza de traballador social interino
1595/2021	16-09-2021	Aprobación da actividade e do gasto do proceso participativo Decidámolo Xuntos de elaboración dos orzamentos municipais 2022.
1596/2021	16-09-2021	Aprobación colaboración I Clásica de vehículos de Cambre
1597/2021	16-09-2021	Resolución de interposición recurso apelación contra a sentenza 117/2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Arias Infraestructuras, S.L.* adxudicataria da obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre" Expediente: 2021/C003/000003

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

Único. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Arias Infraestructuras, S.L.* adxudicataria da obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre" Expediente: 2021/C003/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de setembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C003/000003 para a contratación da obra "Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre" Expediente: 2021/C003/000003.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de agosto de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa "*Arias Infraestructuras, S.L.*" asinándose o correspondente contrato con data 03 de setembro de 2021.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 15 de setembro de 2021 e número 202199900004745.

Visto o informe favorable emitido con data 16 de setembro de 2021 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “*Arias Infraestructuras,S.L.*” adxudicataria da obra “Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre” Expediente: 2021/C003/000003

Segundo: Notificar este acordo á empresa “*Arias Infraestructuras,S.L.*” e a Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese a enxeñeira técnica de obras públicas, responsable do contrato, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Juan González Leirós

A secretaria
Maria Luisa de la Red Ampudia